Contidos léxico-semánticos	- Identificación persoal: Presentación (nome, enderezo, teléfono, enderezo electrónico, data e lugar de nacemento, idade, sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión). - Os números. - As cores. - Actividades da vida diaria. - Partes do día. Días da semana. Meses. Horas. - Tempo libre e lecer: Xogos, deportes. - Viaxes e transportes: Medios de transporte. - Relacións humanas e sociais: Invitacións e encontros; - Saúde e coidados físicos: Estado físico (dor, malestar) e necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío, ir ao baño...). - Compras e actividades comerciais: Establecementos comerciais. - Alimentación: Comidas do día. Alimentos básicos. - Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Estacións do ano. Fenómenos atmosféricos (calor, frío, choiva, sol...). - Comer fóra: encomendar; bebidas e comidas; pedir a conta; eloxiar o servizo, reclamar.
Contidos pragmáticos	Tratamento; Falsos amigos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16	22	38
Foros de discusión	1	3	4
Traballo tutelado	10	20	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas
Foros de discusión	Práctica oral
Traballo tutelado	Sesións prácticas - traballo en grupo

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Sempre que o precise, o alumnado será atendido de forma individual tanto nas sesións de clase como no horario de titoría.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Proba teórica escrita	30	
Foros de discusión	Proba práctica oral	30	
Traballo tutelado	Realización/presentación de traballos varios	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/os estudantes deberán escoller no inicio do curso entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua ou un sistema de avaliación única.

AVALIACIÓN CONTINUA

Recoméndase optar por esta modalidade de avaliación. A/o estudante será avaliado tendo en consideración:

- A asistencia e participación non poderá ser inferior ao 80%. Se se dá unha asistencia e participación inferior, a/o estudante deberá optar pola avaliación única.
- Traballo escrito obrigatorio (individual). Valoración: ata 20%
- Traballo oral obrigatorio (individual ou en parella). Valoración: ata 20%
- Proba escrita teórico-práctica:

1. Expresión escrita e coñecementos gramaticais: ata 15%

2. Comprensión escrita: ata 15%

3. Comprensión oral: ata 15%

- Proba de expresión oral

4. Expresión oral: ata 15% (esta proba será gravada)

AVALIACIÓN ÚNICA

Avaliación única de carácter presencial. Quen opte de forma directa pola avaliación única será examinado ao final do primeiro período, na primeira edición das actas:

- Proba escrita teórico-práctica:

1. Expresión escrita e coñecementos gramaticais: 25%
2. Comprensión escrita: 25%
3. Comprensión oral: 25%

- Proba de expresión oral

4. Expresión oral: 25% (esta proba será gravada).

É preciso superar ambas as probas [escrita e oral] para superar a materia. A copia ou o plaxio nos respectivos exames será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nas mesmas.

A convocatoria das probas de expresión oral deberá acordarse co profesorado coa antelación necesaria (mínimo 2 días antes da data oficial da proba escrita), sendo responsabilidade do alumnado contactar co profesorado. A non presentación á proba de expresión oral suporá a obtención dunha calificación de 0 (cero) puntos na mesma.

Os mesmos criterios de avaliación aplicaranse na segunda edición das actas (xullo).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ana Tavares, **Português XXI. Nível A1**, 2011,

Robert Kuzka, José Pascoal, **Passaporte para Português. Livro do Aluno. Níveis A1/A2**, 2014, Lidel, 2014

Sara Gonçalves dos Santos, **Falar pelos cotovelos**, 2015, Lidel, 2015

Luísa Coelho, Carla Oiveira, **Português em Foco I**, 2015, Lidel, 2015

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Linguas estranxeiras para o turismo IID: Português/O04G240V01408

Outros comentarios

Un bo dominio da lingua galega facilita a adquisición rápida dun nivel A1/A2 de lingua portuguesa.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Arte: Arte clásica**

Materia	Arte: Arte clásica			
Código	004G741V01210			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Domínguez López, Ángel			
Profesorado	Domínguez López, Ángel			
Correo-e	adominguez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>O principal obxecto de estudo da Historia da arte son as propias obras de arte, e o seu obxectivo fundamental consiste en chegar a explicar ditas obras e a súa evolución a partires das premisas históricas. O primeiro eslavón dentro desta cadea correspóndelle á arte clásica que se acepta como a pauta estética de base de toda a produción arquitectónica e figurativa do occidente europeo. Ademais de ser a linguaxe clasicista a que ofrezca o camiño formal de máis ampla repercusión a través de toda a historia, expresando diversos contidos.</p> <p>Partindo desta base o terreo que abarca a materia divídese en dous grandes temas:</p> <p>O primeiro, orientado ao estudo da tradición artística grega, partindo da arte arcaica, pasando polo momento clásico coa análise das obras que marcan o cénit da arte grega e consagran o canon, ata a magnificencia e barroquización do período helenístico, que expandirá as súas realizacións pola conca mediterránea e levaraa ata os confíns de oriente.</p> <p>O segundo, dende a Roma primitiva ata a Antigüidade tardía, coa análise das obras clave de Etruria, da Roma republicana e da Roma imperial, abordadas como unha interpretación da estética e do ideal artístico en cada época.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: arquitectura, escultura, pintura e artes menores, os seus elementos integrantes, finalidade e destino.	
Aprendizaxe e lectura crítica e integral da obra de arte, tendo en conta a complexidade das súas diferentes interpretacións e significados..	
Coñecemento dos fundamentos artísticos da cultura clásica de base humanística.	
Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico.	
Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte.	
Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.	

Contidos

Tema	
1.Introdución	1.1. Conceptos fundamentais da arte e linguaxe clásica.
2. A arte grega	2.1. As orixes da arte grega: os comezos da arte monumental grega. O século de Pericles na arquitectura. Os mestres da escultura arcaica. 2.2. O momento clásico: evolución artística ao longo do século V. 2.3. Do clasicismo ao helenismo: a arte helenística.
3. A arte romana	3.1. A Arte romana: dende os comezos á arte da antigüidade tardía. 3.2. A arquitectura: edificios romanos característicos. 3.3. A escultura: relevos históricos, retratística, escultura funeraria. 3.4. Pintura mural, estuco e mosaico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	23	30	53

Obradoiro	10	10	20
Traballo tutelado	3	26	29
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	3	5	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	1.5	7.5	9
Exame de preguntas de desenvolvemento	1.5	7.5	9
Traballo	4	9	13
Observación sistemática	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades previas orientadas á presentación e coñecemento do desenvolvemento da materia.
Lección maxistral	Presentación na aula, mediante a exposición maxistral, dos principais contidos teóricos e conceptos fundamentais da materia.
Obradoiro	Traballos na aula co obxectivo de profundar nos temas abordados nas sesións maxistras.
Traballo tutelado	Execución dun traballo en grupo derivado dunha selección dos fondos e coleccións museísticas ou sobre outros aspectos relacionados co contido da materia, para a súa exposición final.
Eventos científicos	Asistencia a eventos docentes e/ou divulgativos programados.
Seminario	Seguimento e orientación na execución dos traballos a realizar polos alumnos/as.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	A atención personalizada consistirá na exposición e tratamento da bibliografía principal que se empregará para o estudo de cada un dos dous grandes bloques temáticos (Grecia e Roma), encamiñado especialmente a que cada alumno poida clarificar cal é o material que debe tratar de cara o traballo de investigación que debe de realizar. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Obradoiro	A atención personalizada incidirá na metodoloxía a seguir para os comentarios de texto e a análise das diferentes obras de arte (exemplificación en casos prácticos de arquitectura, escultura e pintura) TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	O alumno elaborará e entregará a través de Moodle os traballos requeridos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Facer unha lectura crítica e integral da obra de arte.	30	
Exame de preguntas de desenvolvemento	O bloque temático sobre a Historia da Arte Grega será avaliado mediante unha proba escrita de resposta longa. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento e comprensión dos principais fundamentos e creacións artísticas do mundo clásico	30	
Exame de preguntas de desenvolvemento	O bloque temático sobre a Historia da Arte Romana será avaliado mediante unha proba escrita de resposta longa. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento e comprensión dos principais fundamentos e creacións artísticas do mundo clásico	30	
Observación sistemática	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a participación do alumnado. Valorarase tamén o seu traballo autónomo mediante probas de autoavaliación a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información. Aplicar os coñecementos e demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas.	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma

de teledonancia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirán acceso aos materiais precisos para adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguemento individualizado da participación do alumno a través da TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación contínua. Asimesmo deberá acudir ás probas que o docente considere imprescindibles.

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de □avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que elixan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BIANCHI BANDINELLI, Ranucio, **El arte de la antigüedad clásica: Etruria y Roma**, 1ª, Akal, 2000

BLANCO FREIJEIRO, Antonio, **Arte griego**, 3ª ed. renov., CSIC, 2011

BOARDMAN, John, **El arte griego**, 4ª, Destino, 2002

GARCIA Y BELLIDO, Antonio, **Arte romano**, 5ª, CSIC, 2005

ROBERTSON, Martín, **El arte griego: introducción a su historia**, 5ª, Alianza, 2006

Bibliografía Complementaria

ANDREAE, Bernard, **Arte romano**, 1ª, Gustavo Gili, 1974

HENIG, Martín, **El arte romano**, 1ª, Destino, 1985

HENIG, Martín, **El arte romano: una revisión de las artes visuales del mundo romano**, 1ª, Destino, 1985

POLLIT/POLLITT, Jerome Jordan, **Arte y experiencia en la Grecia clásica**, 1ª, Xarait, 1984

RICHTER, Gisela Marie Augusta, **El arte griego: una revisión de las artes visuales de la antigua Grecia**, 4ª, Destino, 1988

WHEELER, Mortimer, **El Arte y la arquitectura de Roma**, Reimp., Destino, 1995

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia da arte medieval/O02G251V01404

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Arte: Linguaxes e técnicas artísticas/O02G251V01103

Outros comentarios

Os alumnos que non cursaron Hª da Arte no bachillerato deben completar a súa formación previa coa lectura dun manual dese nivel.

Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moovi, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia: Metodoloxía da historia**

Materia	Historia: Metodoloxía da historia			
Código	O04G741V01211			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Presedo Garazo, Antonio			
Profesorado	Presedo Garazo, Antonio			
Correo-e	antonio.presedo@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Introducción ao estudo dos problemas metodolóxicos, fontes e técnicas de investigación ligadas a produción e coñecemento histórico.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	
Coñecemento e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para entender os procesos históricos	
Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	

Contidos

Tema	
1. A produción do coñecemento histórico: teoría e método	1.1. Epistemoloxía e metodoloxía da historia. 1.2. Heurística e hermenéutica: tipoloxía e crítica de fontes. 1.3. Relación teoría/método e método/fontes. 1.4. Historia e tempo: cronoloxía e periodización.
2. A metodoloxía histórica	2.1. As metodoloxías e técnicas cualitativas. 2.2. As metodoloxías e técnicas cuantitativas. 2.3. As metodoloxías de traballo compartidas con outras Ciencias Sociais e apertura interdisciplinaria.
3. O proceso de investigación histórica	3.1. O oficio ou práctica do historiador e a investigación histórica. 3.2. Deseño e pasos na elaboración dun traballo de investigación histórica.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	24	30	54
Obradoiro	5	8	13
Traballo tutelado	8	26	34
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	3	12	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	12	15
Traballo	2	8	10
Observación sistemática	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Actividades introductorias	Sesións encamiñadas, por unha banda, a tomar contacto e obter información do alumnado e, por outra, a presentar o programa da materia.
Lección maxistral	Exposición oral dos contidos da materia por parte do profesor.
Obradoiro	Actividades enfocadas ao traballo intensivo sobre un tema ou serie de temas do programa que pode requirer a lectura e manexo de bibliografía, dar resposta a preguntas dirixidas, etc., orientadas a fomentar o debate e a participación activa do alumnado. Dentro destas actividades inclúense dous seminarios programados.
Traballo tutelado	Actividades en grupo nas que se orientará e tutelarán a realización dun proxecto ou traballo de investigación con fontes de arquivo.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Seminario	Seguimento e aclaración de dúbidas acerca dos contidos da materia, traballos e prácticas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coas presentacións especializadas e as lecturas de materiais bibliográficos que se van tratar nos seminarios. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas que lle podan xurdir ó alumnado mentres leva a cabo a elaboración de ditos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).
Seminario	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas sobre os contidos teóricos e as actividades prácticas da materia. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Obradoiro	A avaliación realizarase mediante a elaboración dun informe, dossier ou memoria de prácticas. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	10	
Traballo tutelado	Elaboración, montaxe e entrega dun traballo persoal de investigación histórica a partir da lectura e análises de fontes documentais. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	30	
Exame de preguntas obxectivas	Os contidos impartidos nas leccións maxistras avalíaranse mediante a realización de dúas probas (parciais). Inclúen unha serie de preguntas de resposta curta (proba A). Para superar a materia será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 sumando as probas A (Exame de preguntas obxectivas) e B (Exame de preguntas de desenvolvemento). Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para entender os procesos históricos ii. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	25	

Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos impartidos nas leccións maxistras avaliaranse mediante a realización de dous exercicios (parciais). Esta proba consiste na análise pormenorizada de varios documentos (en diversos formatos: textos, táboas, gráficas...) relacionados con contidos diferentes do temario (proba B). Para superar a materia será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 sumando as probas B (Exame de preguntas de desenvolvemento) e A (Exame de preguntas obxectivas).	25
	Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para entender os procesos históricos ii. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización e presentación en tempo e forma das distintas tarefas establecidas nas sesións teóricas e prácticas, seminarios, titorías e outras actividades. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: elaboración de traballos básicos e resolución de problemas.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo, deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de □avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación continua (que esixe a entrega en tempo e forma da totalidade das tarefas) serán avaliados dos contidos da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará o 30% restante. Tal como se indica na descrición pormenorizada das probas, esta proba escrita constará de dúas partes: unha equivalente ao Exame de preguntas obxectivas (proba A), e outra equivalente ao Exame de preguntas de desenvolvemento (proba B). Así mesmo, o devandito traballo deberá estar asinado, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregarse coincidindo coa data fixada polo Centro para a realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción do mencionado art. 3.10), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 na proba escrita (contidos teóricos e prácticos, equivalentes ás probas A e B).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alía Miranda, F., **Técnicas de investigación para historiadores: las fuentes de la historia**, Síntesis, 2005

Aróstegui, J., **La investigación histórica: teoría y método**, Crítica, 2001

Cardoso, C., **Introducción al trabajo de la investigación histórica**, 5.ª, Crítica, 2000

Cardoso, C., **Los métodos de la historia**, 7.ª, Crítica, 1999

Hernández Sampieri, R.; Fernández Collado, C.; e Baptista Lucio, P., **Metodología de la investigación**, 6.ª, McGraw-Hill, 2014

Pardinas, F., **Metodología y técnicas de investigación en ciencias sociales**, 39.ª, Siglo XXI, 2008

Robles Sastre, E., **Metodología e investigación: contenidos y formas**, 3.ª, Universidad Camilo José Cela, 2005

Bibliografía Complementaria

Burke, P. (ed.), **Formas de hacer historia**, 2.ª, Alianza, 2003

Burke, P., **Visto y no visto. El uso de la imagen como documento histórico**, Crítica, 2001

Carr, E. H., **¿Qué es la historia?**, Ariel, 1983

Floud, R., **Métodos cuantitativos para historiadores**, 3.ª, Alianza, 1983

Koselleck, R., **Futuro Pasado. Para una Semántica de los Tiempos Históricos**, Paidós, 1993

Remond, R. et al., **Hacer historia del siglo XX**, Biblioteca Nueva, UNED e Casa de Velázquez, 2004

Sautu, R. et al., **Manual de Metodología. Construcción del marco teórico, formulación de objetivos y elección de la metodología**, 2.ª, Prometeo Libros, 2010

Topolsky, J., **Metodología de la historia**, Cátedra, 1982

Recomendaciones

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Dereito: Lexislación turística**

Materia	Dereito: Lexislación turística			
Código	O04G741V01212			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 9	Sinale FB	Curso 2	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado Dereito público especial			
Coordinador/a	Couto Calviño, Roberto González Gil, Eduardo			
Profesorado	Constenla Vega, Javier Couto Calviño, Roberto González Gil, Eduardo			
Correo-e	rcouto@uvigo.es egongil@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	A asignatura Lexislación Turística constitúe unha materia cuxa responsabilidade docente está atribuída actualmente a tres áreas de coñecemento: Dereito Mercantil, Dereito do traballo e Dereito financeiro e tributario. O Dereito Mercantil estuda a regulación da actividade económica constitutiva da empresa; o Dereito laboral, a relación individual e colectiva de traballo; o Dereito tributario, a ordenación xurídica dos tributos. Por iso, o temario divídese en tres grandes bloques de contidos. O primeiro aborda os aspectos básicos da lexislación e contratación mercantil aplicada ao turismo. O segundo céntrase na ordenación das relacións laborais no sector turístico. O terceiro afronta as diferentes figuras tributarias que afectan ás empresas e usuarios de servizos turísticos. Deste xeito, proporciónase aos estudantes unha formación académica especializada e á vez útil para o seu futuro profesional, xa que se analiza desde unha tripla perspectiva xurídica o sector do turismo.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento das normas que configuran o marco xurídico regulador das actividades turísticas.	
Comprensión e interpretación das normas que configuran o marco xurídico regulador das actividades turísticas.	
Aplicación práctica e manexo das normas que configuran o marco xurídico regulador das actividades turísticas.	
Coñecemento das institucións con competencias vinculadas ao marco xurídico regulador das actividades turísticas.	

Contidos

Tema

Aspectos xurídico-mercantís do turismo:

- 1.- Marco normativo privado do turismo.
- 2.- Turismo e dereito empresarial turístico.
- 3.- O empresario turístico.
- 4.- Os usuarios de servizos turísticos.
- 5.- A contratación mercantil aplicada ao turismo (nocións xerais e clasificación dos contratos turísticos).
- 6.- Tipos específicos de contratos turísticos.
- 7.- A contratación electrónica no sector turístico.
- 8.- A oferta turística complementaria.

1. O Dereito e as súas ramas. O Ordenamento Xurídico e as súas normas.
2. O turismo e a súa regulación. O Dereito empresarial turístico.
3. O estatuto do empresario turístico. O empresario turístico social: tipos sociais básicos. A protección do empresario turístico e da súa actividade no mercado. Incidencia da regulación administrativa sobre o empresario turístico.
4. O turista e o seu estatuto xurídico. Dereitos do turista como consumidor. Dereitos derivados da lexislación sectorial turística
5. Concepto e elementos do contrato en xeral. Os contratos turísticos e as súas características. Clasificación dos contratos turísticos.
6. Contratos relativos ao aloxamento e a explotación dos establecementos hoteleiros. Contrato de aproveitamento por turnos de bens de uso turístico. Contrato de viaxe combinada e paquetes dinámicos. Contratos relativos ao transporte turístico. Contratos de restauración. Outros contratos e servizos turísticos.
7. A Sociedade da Información e o seu impacto na contratación turística. Regulación dos Servizos da Sociedade da Información e comercio electrónico. O empresario turístico como prestador de Servizos da Sociedade da Información. Comunicacóns comerciais electrónicas. Particularidades da contratación turística electrónica. Aspectos formais dos contratos turísticos electrónicos.
8. A noción de oferta turística complementaria: breve referencia (remisión ás figuras contractuais básicas).

Ordenación das relacións laborais no sector turístico:

- 1.- Traballadores por conta allea: concepto.
- 2.- Contrato de traballo.
- 3.- Modalidades de contratación.
- 4.- Colocación e fomento do emprego.
- 5.- Tempo de traballo (especial referencia a xornadas especiais).
- 6.- Retribución no sector turístico.
- 7.- Suspensións e extincións.
- 8.- Prevención de riscos laborais.

- 1: Notas características: dependencia, conta allea, voluntariedade, carácter persoal
- 2: Concepto, elementos subxectivos e obxectivos
- 3: Contratación indefinida, temporal estrutural, contratos formativos, contratos de fomento de emprego.
- 4: Servizos públicos de emprego e axencias de colocación. Fomento do emprego. Subvencións e bonificacións.
- 5: Xornada de traballo ordinaria e máxima. Tempo de descanso e tempo e traballo. Xornadas especiais e horas extraordinarias.
- 6: As retribucións no sector turístico.
- 7: concepto e efectos. Clases de suspensión. A extinción: concepto, causas. Clases de extinción. O despedimento

Réxime tributario do sector turístico:

- 1.- Clasificación e elementos esenciais das categorías tributarias.
- 2.- Os tributos estatais aplicables ao turismo (I): Imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades.
- 3.- Os tributos estatais aplicables ao turismo (II): Imposto sobre o valor engadido.
- 4.- Outros tributos que inciden no sector turístico.

1. O tributo. Características e clases.
2. Obligados tributarios
3. Elementos do tributo:
4. Feito imponible
5. Exencións e non suxección
6. Base imponible e tipo de gravame
7. A débeda tributaria
8. Concepto e modos de extinción da débeda tributaria
9. Tributos que inciden sobre a actividade turística
10. Imposto sobre a renda das persoas físicas
11. Imposto sobre sociedades
12. Imposto sobre o valor engadido

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	10	30	40
Presentación	8	24	32
Seminario	5	10	15
Lección maxistral	42	0	42
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	32	33
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	32	33
Exame de preguntas obxectivas	1	29	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Formulación, análise, resolución e/ou debate na aula dos supostos, problemas ou exercicios que se formulen.
Presentación	Exposición oral e/ou presentación escrita por parte dun alumno, ou grupo de alumnos, dun tema proposto.

Seminario	Atenderanse e resolverán dúbidas do alumno na aula respecto dos contidos da materia ou actividades que se propuxesen para adquirir as competencias perseguidas.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de xeito directo e breve sobre a base dos coñecementos que teñen sobre a materia. Poden incluír preguntas de tipo test. O alumnado suxeito ao sistema de avaliación continua realizará dúas probas ao longo do cuadrimestre, que representarán un 30% da cualificación cada unha delas, sendo a primeira de carácter non liberatorio.	60	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas nas que os alumnos deben solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios, realizar probas tipo test, realizar e/ou expor un traballo sobre un tema determinado nun tempo/condicións establecido/as polo profesor, etc.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso actual. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Primeira oportunidade de exame:

- Do 29 de xaneiro ao 29 de febreiro, o/a alumno/a deberá manifestar a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua. A tal fin, o profesorado da materia proporcionaranlle un documento que o/a alumno/a deberá cubrir e asinar.
- O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua, entregando o documento sinalado, será avaliado conforme aos criterios que se indicaron máis arriba (distintas probas ao longo do curso -40% da cualificación- e dúas probas obxectivas -que representan cada unha delas un 30% da cualificación, sendo a primeira de carácter non liberatorio-); non será avaliado/a mediante un exame final que represente o 100% da cualificación da materia.
- O/a alumno/a que non asine o devandito documento non terá dereito a ser avaliado de acordo cun sistema de avaliación continua e será avaliado mediante unha proba final obxectiva que representará o 100% da súa cualificación final.

Segunda oportunidade de exame:

No exame de xullo só se realizará unha proba final obxectiva. Ao alumnado que se someteu ao sistema de avaliación continua conservaráselle a nota do devandito sistema; isto é, se o/a alumno/a non aprobouse a materia na primeira oportunidade de exame, conservaráselle a nota do proceso de avaliación continua para xullo. Se non aprobouse a materia nos dous citados exames do curso académico, tería obrigatoriamente que someterse de novo a todo o proceso de avaliación.

Exame fin de carreira:

Para o exame de fin de carreira non se conservará en ningún caso a cualificación da avaliación continua se se obtivo algunha en cursos anteriores. O exame consistirá nunha proba final obxectiva que representará o 100% da cualificación final.

As competencias avaliadas e os resultados da aprendizaxe serán os mesmos para todo o alumnado, acollido ou non ao sistema de avaliación continua, ou suxeito a avaliación en exame de fin de carreira.

NOTA MOI IMPORTANTE: Todas as avaliacións e os distintos exames dividiránse en tres partes, relativas a cada un dos bloques temáticos da asignatura. A nota final será a que resulte da suma (ponderada) das tres, pero non se aprobará a asignatura se non se obtén unha puntuación mínima de 3 en cada parte dos exames. Ademais, dado que os créditos de

docencia atribuídos a cada un dos tres bloques temáticos é diferente, tamén o será o peso da cualificación obtida en cada un deles respecto da cualificación final. Así, os aspectos xurídico-mercantís do turismo teñen atribuídos 4 dos 9 créditos totais da materia, de modo que a cualificación obtida neste bloque representará o 44,44% da nota final. A ordenación das relacións laborais no sector turístico ten asignados tres créditos dos 9 totais de a materia, polo que a cualificación obtida neste bloque temático representará un 33,33% da nota final. Para rematar, o réxime tributario do sector turístico ten atribuídos 2 dos 9 créditos totais da materia, así que a cualificación obtida neste terceiro bloque representará o 22,23% da nota final.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AURIOLES MARTÍN, A. J., **Introducción al Derecho Turístico: Derecho privado del turismo**, Tecnos, 2005

CUESTA RUTE, J. M. de la, **Derecho Mercantil para grados no jurídicos**, Última edición, Huygens,

FRANCH FLUXÁ, J. (dir.), **Manual de contratación turística**, 2ª, Atelier, 2019

RAMÍREZ MARTÍNEZ, J.M., **Curso básico de Derecho del Trabajo para Titulaciones no Jurídicas**, Última edición, Tirant lo Blanch,

FERREIRO LAPATZA, J.J., **Instituciones de Derecho Financiero y Tributario**, Última edición, Marcial Pons,

MERINO JARA, I.(DIRECTOR), **Derecho tributario. Parte especial. Lecciones adaptadas al EEES**, Última edición, Tecnos, 2017

Bibliografía Complementaria

DIAZ ALABART, Silvia, **Manual de Derecho Privado del Turismo**, Reus, 2017

ORTEGA BURGOS, E. (dir.), **Manual de Derecho Privado del Turismo**, Dykinson, 2019

MARTÍN VALVERDE, A., **Derecho del Trabajo**, Última edición, Tecnos,

LASARTE, J.; ADAME, F.; MARTÍN, J.; RAMOS, J., **La financiación de los municipios turísticos**, Comares, 2003

RUIZ GARIJO, M., **Fiscalidad de la empresa turística**, Editoriales de Derecho Reunidas, 2002

TEJERIZO LÓPEZ, J.M.; MARTÍN DÉGANO, I.; RUIZ GARIJO, M., **Especialidades fiscales del turismo**, UNED, 2004

CRUZ VILLALÓN, J., **Compendio de Derecho del Trabajo**, Última edición, Tecnos,

ROCA, Y.; CEBALLOS, M.; PÉREZ, R., **Código de Turismo**, Última edición, Aranzadi-Thompson,

Código Civil, Última edición,

Código de Comercio y leyes complementarias, Última edición,

Legislación laboral, Última edición, Aranzadi, Tecnos, Civitas, etc., 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Fiscalidade de empresas turísticas/O04G240V01601

Dereito turístico laboral e internacional/O04G240V01906

DATOS IDENTIFICATIVOS**Estatística**

Materia	Estatística			
Código	O04G741V01213			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	Pérez González, Ana			
Profesorado	Pérez González, Ana			
Correo-e	anapg@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	A materia estatística é unha materia de carácter obrigatorio onde se estudarán os conceptos estatísticos básicos percorrendo os temas de estatística descritiva, cálculo de probabilidades, variables aleatorias, inferencia estatística e números índice.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Organizar e analizar datos desde un punto de vista descriptivo

Resolver problemas de estatística coa axuda dunha ferramenta informática

Aprender a manexar a probabilidade como medida de incerteza e a utilizar regras de asignación de probabilidades.

Entender a necesidade de traballar con mostras. Comprender a necesidade de que toda estimación debe ir acompañada dunha medida del erro de mostraxe.

Aplicar e interpretar o proceso de obtención de Intervalos de confianza e de Contrastes de Hipóteses.

Manexar os números índices e interpretar os resultados obtidos.

Contidos

Tema	
Tema 1. Estatística Descritiva	1.1 Distribución de frecuencias. 1.2 Medidas de posición, dispersión e forma. 1.3 Representacións gráficas. 1.4 Números Índices
Tema 2. Introducción ao cálculo de probabilidades	2.1 Conceptos básicos do cálculo de probabilidades. 2.2 Probabilidades condicionadas e concepto de independencia.
Tema 3. Variables Aleatorias. Principais Distribucións Discretas e Continuas.	3.1 Definición dunha variable aleatoria . 3.2 Características dunhas variables aleatoria. 3.3 Principais distribucións de probabilidade. 3.4 Aplicacións do Teorema Central do Límite.
Tema 4. Conceptos e principios metodolóxicos da Inferencia estatística	4.1 Poboación, mostra e as súas características. Mostraxe aleatoria simple. Distribucións asociadas á mostraxe en poboacións normais. 4.2 Estimación puntual. Concepto de estimador e as súas propiedades. 4.3 Estimación mediante intervalos de confianza en poboacións normais. 4.4 Contrastes de hipóteses. Formulación das hipóteses. Contrastes clásicos en poboacións normais.
Tema 5. Manexo de paquetes estatísticos	5.1 Introducción ao uso do paquete estatístico como aplicación das técnicas estatísticas explicadas no resto do temario.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	33	55
Estudo previo	0	10	10
Prácticas con apoio das TIC	0	14	14
Resolución de problemas de forma autónoma	17	30	47
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	6	9
Exame de preguntas de desenvolvemento	5	10	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor o a través de material posto a disposición de los estudiantes en la plataforma de Campus Remoto, de los contenidos sobre la materia objeto de estudio, bases teóricas y/o directrices de un trabajo, ejercicio o proyecto a desarrollar por el estudiante
Estudo previo	Lectura, procura e traballo de documentación que realiza o alumnado de forma autónoma
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos e adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvolveranse a través de TIC e de forma autónoma
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno disporá de exercicios para resolver de forma autónoma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Os estudantes resolverán problemas que o profesor lles pida e poderán expoñer dúbidas sobre a materia ao profesor. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Realización de probas tipo test de cada tema.	20	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas de avaliación da materia	40	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de probas sobre as prácticas realizadas	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao comezo do curso, no período fixado polo centro, o estudantado deberá decidir o seu método de avaliación entre os seguintes:

AVALIACIÓN CONTINUA: Constará das probas e ponderacións establecidas na táboa superior, tendo en conta que:

- O estudantado que alcance unha nota ponderada **igual ou superior a 5 ptos.** (sobre 10) será cualificado en actas con esta nota final.
- O estudantado que alcancen unha nota ponderada **inferior a 5 ptos.** (sobre 10) terán a obriga de ir a unha **proba final** que representará o 100% da nota final. O estudantado nesta situación que non asista a esta proba final terá a cualificación final de "Non Presentado".
- As actividades de avaliación continua a realizar dependerán do número de estudantes, medios para traballar, etc. O estudantado estará adeciadamente informado de calquera cambio que se puidese producir debido a situacións imprevistas.
- Poderanse implementar metodoloxías alternativas para determinar si o estudante pode ou non seguir coa avaliación continua.

AVALIACIÓN GLOBAL: Constará dun exame final, cunha ponderación do 100% da nota final e constará de dous partes: unha parte de exercicios e outra de teoría e práctica con ordenador.

Para as convocatorias de **Segunda Oportunidade** e **Fin de Carreira** seguirase o método de **AVALIACIÓN GLOBAL**.

